

Museos, arquivos e bibliotecas, patrimonio común

Concha Varela Orol

Universidade da Coruña

Introdución: marco para a converxencia patrimonial

Na literatura anglosaxona adoita denominarse a arquivos, bibliotecas e museos como “institucións da memoria”, primando esta denominación o carácter patrimonial dos seus fondos e o seu labor de centros que organizan o rexistro intelectual e cultural dos mesmos.

As orixes dos museos, arquivos e bibliotecas institucionais poden ser buscados nas máis antigas culturas, pero non cabe dúbida que tal e como hoxe os entendemos, institucións posuidoras de coleccións postas ó servizo da educación, o coñecemento e o disfrute da cidadanía, chamemos a esta usuarios ou visitantes, teñen o seu nacemento intimamente ligado á aparición do concepto de patrimonio e ó seu desenvolvemento nos séculos XVIII e XIX, e sobre todo ás políticas para a súa posta en valor e difusión. Mentres nas súas orixes bibliotecas e arquivos nacen fundidos nas súas coleccións e funcións, os gabinetes de curiosidades e antigüidades non fan diferenza entre as pezas coleccionadas, e a denominación de museo que reciben as bibliotecas aínda no século XVIII, mostra con claridade que a especialización destas institucións é tardía.

É certo que entre este conxunto de institucións existen diferenzas tanto nos seus soportes informativos e comunicativos, como na construción das coleccións, e no seu tratamento, que lles teñen servido para traballar de costas durante moitos anos. A existencia de distintos soportes que sustentou, e aínda sustenta a diferenza entre bibliotecas, arquivos e museos, non foi nunca tan radical como a simplista diferenza ás veces establecida entre impreso/manuscrito/obxecto, senón que houbo sempre territorios comúns (publicacións oficiais, documentos persoais, gravados, etc.), pero foi posiblemente o formato empregado de forma predominante a que marcou a dicotomía máis fortemente percibida que posicionaría por un lado bibliotecas e arquivos, territorios do texto escrito, e museos, territorios do obxecto. E pensamos que é esta linguaxe a que fixo e fai xogar ás institucións en campos distintos no terreo patrimonial, como é patente nos distintos usos que fan dos bens patrimoniais. Así mentres os museos, sen esquecer a súa función preservadora, se enfocan dende hai anos a interpretar e transmitir os valores das súas pezas a un público cada vez máis amplo, como mostran as exposicións temporais ou o seu papel na industria turística de masas, as bibliotecas e os arquivos ata hai moi pouco tempo primaron no tratamento do patrimonio o

seu labor conservador e de soporte ós investigadores, especialmente no campo das Humanidades.

Pero hai xa tempo que as fronteiras entre as tres institucións comezaron a diluírse, dados os novos formatos audiovisuais da información que empezaron a introducirse nas súas coleccións, nas que hoxe falamos de arquivos orais, videotecas, videoarte, arte tecnolóxica... Por outra parte, as compoñentes informativas, educativas, e educativo-recreativas (*endutainment*) que estas institucións culturais adquiriron ó longo do século XX as teñen achegado tanto nas políticas de información, xestión, aplicacións tecnolóxicas, e, no que especialmente nos interesa aquí, na conservación e posta en servizo do patrimonio cultural. Na actualidade este achegamento é visible en gran número de actividades cooperativas para a educación permanente, pero tamén cara ó desenvolvemento económico, en países como Noruega, Gran Bretaña, Estados Unidos e Canadá, tanto en colaboracións puntuais coma permanentes, creando axencias gobernamentais como o Institute of Museum and Library Services (IMLS) de USA, LAC (Library and Archives Canada), Museums, Libraries & Archives (MLA) de UK, etc., cuxas funcións teñen que ver co liderazgo e coordinación dos centros e tamén co financiamento. Ó seu lado non faltan propostas para unha converxencia máis profunda cara a creación dun novo modelo de institucións híbridas ou, como se lle ten denominado, “infraestruturas transinstitucionais”. Seguindo este novo modelo, entre 2004 e 2006 a Biblioteca e Arquivos nacionais de Quebec (BAnQ) unificou as funcións de Biblioteca nacional, Biblioteca pública e Arquivos nacionais nunha soa institución.

Os profundos cambios que a aplicación das novas tecnoloxías da información e a comunicación están ocasionando sobre estas institucións, sobre as súas coleccións, a organización das mesmas e a súa posta en servizo, mostra un potencial importante para unha converxencia, ó menos no campo dixital (Hedstrom, Margaret, King, John Leslie, 2004). Se analizamos as coleccións, no mundo dixital a vella distinción de soportes ten desaparecido, aínda que o engado do obxecto físico sexa máis forte nos museos que nas bibliotecas e os arquivos, onde a consulta do documento en rede das bibliotecas e os arquivos é suficiente para moitos usuarios, en tanto que a consulta da peza museográfica dixitalizada non diminúe o potencial do museo como espazo físico. En relación ós formatos, a rede evoluciona do texto á imaxe en movemento, da escrita ó vídeo, a radio, etc., facéndose audiovisual, o que xa visible en bibliotecas, arquivos ou museos, como por exemplo os podcasts, webcasts, canles de TV etc. da Library of Congress ou a Tate Gallery, por citar dúas institucións de alcance internacional, pero tamén en centros locais como o Arquivo de Arganda. En canto á recuperación da información, o sistema de busca na rede, dos buscadores, directorios, metabuscadores, etc.,

tense convertido no paradigma da busca e recuperación da información, de “toda” a información, física ou virtual, e esta perspectiva a máis curto que longo prazo vai condicionar o traballo das institucións da memoria, que están xa nalgúns países en fase de debate, e ás veces de converxencia.

Para facilitar esta converxencia algúns países, ademais de crear os organismos de tutela comúns ós que xa nos referimos, fixeron esforzos para unificar ou interrelacionar procedementos de traballo (norma ISO 21127:2006 para o intercambio de información do patrimonio cultural), e segue a traballarse sobre o acceso transversal ós contidos culturais das tres institucións. Como realización neste campo pode verse o portal francés *Culture.fr*¹ que a traveso do motor “Collections” interroga simultaneamente as diferentes fontes documentais do Ministerio de Cultura (BnF, Archives Departamentales, Musée de Louvre, bibliotecas municipais...), ou *OAC* (Online Archive of California)², onde máis de 150 bibliotecas, arquivos, coleccións especiais e sociedades de historia construíron un espazo web público con descrições detalladas de fontes primarias (obxectos artísticos, manuscritos, fotografías...), e en moitos casos con acceso ás pezas dixitalizadas. No campo normativo en España tamén se dan pasos cara o achegamento das tres institucións, como mostra a Lei 11/2007 de Bibliotecas de Euskadi que sinala no seu artigo 5 que os servizos bibliotecarios se prestarán mediante unha política de información dirixida á converxencia das institucións dos sectores de arquivos, bibliotecas e museos.

Pola súa parte, os organismos internacionais, como o Consello de Europa (Consello de Europa. Comité de Cultura, 2000), chaman ás autoridades nacionais á converxencia no marco das políticas nacionais e internacionais. Accións da Unión Europea como *Calimera* (Cultural Applications: Local Institutions Mediating Electronic Resources Access) teñen o foco especialmente dirixido ó patrimonio cultural de museos, arquivos e bibliotecas, así como á aplicación local das novas tecnoloxías para xerar novos produtos dixitais a partir das súas coleccións que lles permitan saltar as barreiras dos seus espazos físicos, achegándose así a públicos distintos. Neste sentido, *Europeana*³, a biblioteca dixital europea, tamén xunta nas súas coleccións arquivos, bibliotecas, museos e coleccións audiovisuais.

Con este panorama como fondo, cremos posible propoñer algunhas posibles liñas de actuación nas institucións da memoria galegas dende as tres perspectivas que nos foron propostas: conservación, coñecemento e difusión do Patrimonio histórico cultural, xa que son os campos

¹ http://www.culture.fr/fr/sections/collections/accueil/presentation_collection [consulta 3/12/2009]

² <http://www.oac.cdlib.org/> [consulta 3/12/2009]

³ <http://www.europeana.eu/portal/> [consulta 28/12/2009]

educativo e patrimonial o marco privilexiado do desenvolvemento cooperativo (Yarrow, Alexandra, Clubb, Barbara, Draper, Jennifer-Lynn, 2009, p. 10).

As institucións da memoria e os seus bens en Galicia

Unha definición diverxente das coleccións patrimoniais

O primeiro que conviría clarificar é que entendemos por Patrimonio Histórico Cultural no ámbito das institucións da memoria, algúns de cuxos centros en Galicia seguen sendo de titularidade estatal, aínda que en 2009 se teñan asinado acordos para a súa transferencia. Neste sentido a lexislación que afecta ás institucións emana da Administración autonómica, local e central, as tres con competencias no ámbito patrimonial.

Respecto ó tratamento da lexislación galega hai que sinalar que a Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia non fai un tratamento converxente das 3 institucións. Así mentres todos os bens de museos e arquivos aplícaselles a mesma protección que ós bens declarados de interese cultural, non ocorre o mesmo cos fondos das bibliotecas, onde soamente teñen tal consideración as pezas que integren o patrimonio bibliográfico de Galicia (artg. 50.1). Este tratamento desigual reflíctese tamén nos órganos asesores da Xunta de Galicia establecidos no artg. 7, onde non aparece recollido o Consello de Bibliotecas nin ningunha outra Comisión deste sector que puidera crearse ó efecto, ou no tratamento esixido para a reprodución de pezas, so requirido no caso dos museos. É dicir que a lexislación vixente dalgún xeito recoñece ás institucións museos e arquivos como bens patrimoniais, mentres que non recoñece ás bibliotecas, das que só determinadas pezas terán carácter de patrimonio bibliográfico e como tal poderán ser protexidas. De feito, aínda que algúns autores (Arias Vilas, Felipe, Fariña Busto, Francisco, 1996) consideren que a ausencia das bibliotecas nesta Lei deriva da existencia dunha lei anterior de Bibliotecas, a Lei 14/1989 de Bibliotecas de Galicia, a realidade é que nesta última as referencias ó patrimonio son contadas e sempre de carácter tan xenérico como a obriga de “conservar e enriquecer o patrimonio bibliográfico” (art. 3.1 b).

Un tratamento que é diverxente do realizado pola Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico español, que comeza a definición do Patrimonio bibliográfico sinalando “Forman parte del Patrimonio Bibliográfico las bibliotecas y colecciones bibliográficas de titularidad pública”, fórmula tamén adoptada nas leis de Patrimonio do País Vasco e Cataluña, o que si sitúa ás bibliotecas no mesmo nivel de protección que museos e arquivos, sendo especialmente relevante dado que algunhas delas recollen a través do Depósito Legal o que será a herdanza

bibliográfica da comunidade. Por certo, que o Depósito Legal como principal instrumento para a constitución das coleccións patrimoniais non aparece recollido nin na Lei 8/1995, nin na Lei 17/2006 do Libro e a Lectura de Galicia, que o define en exclusiva como instrumento para a recompilación do libro galego, sen máis especificación, o que parece máis ben referirse á elaboración de bibliografías ou outras compilacións, que poden ser unha función subsidiaria do mesmo, pero non a súa función esencial (Vitiello, Giuseppe, 2000).

Unha parte fundamental dos debates que afectan ó Depósito Legal hoxe ten que ver coa extensión das categorías de documentos a que debe afectar, ou dito doutra forma, como se pode manter a construción de coleccións patrimoniais no actual marco tecnolóxico. A Lei 17/2006 do Libro e da Lectura de Galicia fala no seu artg. 27 de recompilar “material bibliográfico, gráfico, sonoro, audiovisual, electrónico ou realizado en calquera soporte...”, o que parece abrir a porta á construción de coleccións de patrimonio dixital, o que non aparece recollido en ningunha regulamentación posterior a Lei, nin anterior, cando xa a consideración de materiais suxeitos a Depósito Legal era similar á actual. Volveremos a este tema.

Seguindo co tratamento diverxente da actual Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, haberemos de preguntarnos cales bens posuídos polas bibliotecas están protexidos con esta lexislación. Se temos en conta o artg. 75 da mesma lei, non especificamente dirixido ás coleccións das bibliotecas, o patrimonio bibliográfico está en esencia constituído por obras das que non se coñeza a existencia de polo menos tres exemplares en bibliotecas ou servizos públicos, e obras que teñan máis de cen anos e fondos que por algunha circunstancia formen un conxunto unitario. É dicir a Lei recolle con claridade o criterio de rareza e o criterio de antigüidade. En canto ó primeiro parece razoable, eficaz e de relativa fácil aplicación, pero pensamos que debía especificarse que as bibliotecas ou servizos públicos a que se refire son da Comunidade. Máis discutible encontramos o segundo, aplicable tamén cunha antigüidade de 40 anos ó patrimonio documental, porque ó fin e ó remate todos os bens que perduren acabarán tendo 100 anos, e resulta dificilmente comprensible para bibliotecarios e usuarios que o ben de 100 anos estea protexido, e o de 99 non o estea. Pese á dificultade parece aceptable, quizá convindo algunha matización. En canto ó último criterio a expresión “por algunha circunstancia” formen un conxunto unitario é francamente ambigua, e por esa vía poderían entrar todas as bibliotecas como bens patrimoniais, o que como vimos non pareceu estar na intención dos lexisladores.

Este marco lexislativo non beneficia a converxencia das institucións da memoria, o que se ve agravado pola escasa transversalidade que adoitan ter os plans levados adiante por distintas

Administracións, ou dentro da mesma distintas Consellerías, Direccións Xerais, etc. Dende a nosa perspectiva, no referido ó patrimonio bibliográfico a lexislación debería ampliar o seu alcance e protexer tamén como bens patrimoniais:

- todas as coleccións impresas recibidas polas bibliotecas galegas en virtude do Depósito Legal
- as coleccións en lingua galega ou de temática referida a Galicia, editadas fora da Comunidade, das bibliotecas de titularidade pública e as das bibliotecas recoñecidas como de especial interese para Galicia
- os exemplares da produción bibliográfica galega que non son obxecto de Depósito Legal
- obras de menor antigüidade que a establecida con carácter xeral producidas en soportes de duración inferior ós 100 anos (aplicable tamén ó patrimonio documental).
- o patrimonio dixital galego

Por outra parte tamén, debería concretarse o último criterio sinalado na Lei, protexendo non só conxuntos unitarios, senón tamén pezas bibliográficas determinadas que non cumprindo os restantes criterios, poidan formar parte dos bens patrimoniais en función das súas características, propietario, etc., xa que ás veces son estes elementos os que proporcionan á peza o seu valor cultural. Neste sentido, a lexislación debería permitir valorar a achega cultural da peza, que debería primar como criterio fronte ó número de exemplares ou á súa antigüidade.

O estado das coleccións patrimoniais galegas

En segundo termo, chama a atención a carencia de informes públicos sobre o estado do patrimonio nos tres tipos de institucións galegas implicadas neste estudo. Fontes como a web *Patrimonio Cultural Galego*⁴ da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aínda en fase de desenvolvemento, non inclúe a día de hoxe información algunha sobre patrimonio cultural en bibliotecas e apenas hai referencias ós arquivos. Tampouco o *Anuario de Estadísticas culturais 2007* do Observatorio da Cultura Galega, con datos referidos á xestión do Patrimonio nos museos, inclúe información sobre aspectos patrimoniais de bibliotecas e arquivos.

⁴ <http://www.patrimonio.org/> [consulta 28/12/2009]

O descoñecemento do estado, e atreveríame a dicir que tamén nalgúns casos dos bens, vese favorecido polo feito da dispersión dos mesmos en institucións de pequeno tamaño ó longo do país (bibliotecas e arquivos municipais, de entidades privadas, etc.). Polo tanto, urxe a realización dun estudo⁵ que contemple ó menos os seguintes aspectos:

1. Identificación dos centros posuidores de pezas e/ou coleccións de carácter patrimonial
2. Descrición de pezas e/ou coleccións patrimoniais
3. Estado e condicións de conservación das pezas e/ou coleccións
4. Actividades de xestión (tratamento, restauración, catalogación, dixitalización...) realizadas
5. Formación do persoal no campo patrimonial

Coma consecuencia deste estudo deberíamos obter un mapa a nivel local de institucións galegas posuidoras de patrimonio e información sobre:

- a) Tipos de bens culturais conservados en función do soporte e das disciplinas
- b) Volumetría (en número de pezas ou en ms. lineais) das coleccións patrimoniais
- c) Adquisicións de bens patrimoniais nos últimos anos
- d) Tratamento técnico dos bens (catalogación, inventarios, participación en catálogos colectivos, censos...)
- e) Condicións de almacenamento e exposición dos bens (condicións ambientais, seguridade, necesidade de intervencións...)
- f) Tratamentos de mantemento e conservación aplicados (limpeza, microfilmación, dixitalización...). Normas aplicadas en estes tratamentos.
- g) Condicións de consulta
- h) Actividades de difusión e posta en valor
- i) Niveis de sensibilización e formación do persoal neste campo, con vistas á elaboración de manuais de procedemento, materiais de formación e autoformación, incluíndo e-formación, etc.

Esta información debería servir como base para definir axeitadamente o marco político-xurídico, establecendo con máis claridade os bens a protexer, así como o papel das distintas administracións públicas e posuidores privados dos bens nas políticas de conservación, incremento, investigación e posta en servizo dos mesmos.

⁵ En Francia realizouse una enquisa con esta finalidade no ámbito universitario:cfr. http://www.sup.adc.education.fr/bib/Acti/patrimoine/Enquete_Patrimoine2008.pdf [consulta 26/11/2009]

Algunhas propostas para a converxencia en materia patrimonial

As actuacións sobre os bens patrimoniais das institucións da memoria e a súa posta en servizo de forma converxente requiren comezar a traballar nalgúns ámbitos que permitan programas transversais das institucións en materia de patrimonio. Estes medios precisan unha normalización, que deberá sempre ser de mínimos con obxecto de non uniformar os centros e permitir solucións creativas en cada un deles.

Preservación e Conservación

Non imos entrar aquí na análise dos tecnicismos que con frecuencia se acompañan os termos que dan título a este apartado, englobando ou non o primeiro dentro da conservación baixo a fórmula conservación preventiva. Limitarémonos a sinalar que neste campo é preciso estar especialmente atentos ós resultados encontrados no estudo sobre o estado das coleccións patrimoniais de que falamos no punto anterior, pois é a análise das condicións de almacenamento e exposición dos bens e os tratamentos de mantemento e conservación aplicados quen nos permitirá priorizar os obxectivos e elaborar as políticas cara a conservación. Porque son estas condicións (iluminación, higrimetría, temperatura, etc. desfavorables), como xa sinalou a Unesco na *Recomendación sobre la Protección de los Bienes culturales muebles*, as que repercuten de xeito máis forte sobre o deterioro das pezas, e "...a la larga pueden repercutir más gravemente que si se tratara de daños accidentales o de vandalismo ocasional" (Recomendación, 1978).

As intervencións que sen dúbida o estudo sobre o estado do Patrimonio nas institucións da memoria mostrará necesarias requiren o deseño de políticas que impliquen ás distintas Administracións, tendo en conta o papel reservado ós Concellos pola Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia. As limitacións orzamentarias dos Concellos aconsellan que para levar adiante tales políticas sexa preciso elaborar plans cofinanciados. En todo caso, hai que sinalar que a sensibilización destas Administracións e da poboación respecto ó patrimonio, imprescindible para levar adiante os plans de preservación e conservación, non é allea ás accións de posta en servizo do mesmo, para o que se conta hoxe con recursos tecnolóxicos que permiten a participación, coma as aplicacións da web 2.0, pero por razóns expositivas tratamos separadamente ambas actuacións.

Pero a cidadanía debería tamén cumprir un papel dentro destes plans. A implicación da comunidade na recuperación patrimonial ten dado importantes froitos, por exemplo coa súa achega de fotografías, como dende hai 10 anos mostra o programa “Legados de la tierra” de Castilla-La Mancha, onde se financia ata o 60% dos custos de recuperación do patrimonio fotográfico de administracións locais e particulares, organizando exposicións do mesmo, e dende o ano 2008 cofinanciando paralelamente un programa de dixitalización do patrimonio documental da Administración local. Os resultados destes programas son máis de 570 exposicións, os catálogos correspondentes, e o *Arquivo da Imaxe de Castilla-La Mancha*⁶, onde xunto a unha selección de fotografías do programa “Legados de la tierra”, poden verse os fondos dos arquivos de distintos fotógrafos da rexión.

Aínda que aquí nos centramos nos bens culturais de arquivos, bibliotecas e museos de titularidade pública, non debe esquecerse que unha parte do patrimonio a que nos referimos está en mans de particulares ou organizacións privadas. Respecto a eles son posibles diversas intervencións:

- a apelación á colaboración para a doazón ou dixitalización de pezas de interese, co compromiso de aplicar medidas de limpeza, restauración, etc. Unha política deste tipo debe ser alentada polas institucións locais, como concellerías de cultura, arquivos e bibliotecas municipais, etc.
- a apelación ó coidado do patrimonio cultural familiar. É coñecido o éxito que adoitan ter as campañas de solicitude de fotos antigas da vila ou cidade, como vimos de ver, e especialmente atractivo nos parece o programa *Patrimoine à domicile* do Musée de la Civilisation de Québec⁷, onde se estimula a conservar, documentar e protexer o patrimonio familiar.
- as convocatorias de axudas á conservación dirixidas a organizacións privadas, adquirindo a cambio compromisos respecto á consulta, dixitalización, préstamos, etc.

Estas políticas permitirían actuar non só dende o punto de vista da conservación, senón tamén da recuperación de bens patrimoniais, sensibilización e posta en servizo dos mesmos.

No plano técnico, é necesario actuar a niveis moi diversos. Nalgúns casos faise necesaria a redacción de pautas marco para as tres institucións da memoria que reflectan directrices mínimas de actuación. A elaboración dunhas normas comúns que contemplan os requisitos de transporte e manipulación esixibles para préstamo de pezas con destino a exposicións

⁶ <http://pagina.jccm.es/cultura/dglab/ArchivoDeLaImagen?seccion=Archivos> [consulta 15/11/2009]

⁷ <http://www.mcq.org/fr/patrimoine/index.html> [consulta 7/12/2009]

temporais, ou a adopción de recomendacións comúns para enfrontarse á xestión de emerxencias, denominada agora xestión de desastres, nos tres tipos de institucións, son exemplos destas pautas marco, e axudarían a sensibilizar ó persoal de arquivos, bibliotecas e museos sobre a conveniencia da converxencia.

As recomendacións para a xestión de desastres (entre os que están incidentes relativamente frecuentes como inundacións, roubos, incendios, etc.) deberían ser seguidas por cada centro na elaboración do seu plan ó respecto, un instrumento que tería que ser contemplado como obrigado en todos os centros, públicos ou non, con coleccións patrimoniais. Os obxectivos destes plans deberían ser:

- Previr e minimizar os riscos
- Preparar para as emerxencias máis frecuentes
- Responder rapidamente para minimizar os danos en caso de desastre
- Recuperar o máis rapidamente posible en caso de desastre

A adaptación das instalacións ás medidas de seguridade e a dotación de equipamentos de emerxencia deberían constituír intervencións básicas que se deben priorizar en función do estudo antedito. Neste sentido, ademais das intervencións precisas nos centros, deberían deseñarse infraestruturas ó servizo dos centros. Entre estas infraestruturas estarían algúns instrumentos e medidas de axuda, como a preparación de ferramentas en liña que axuden a simplificar o proceso de elaboración de plans de emerxencias, tal e como *Dplan: The Online Disaster planning Tool for Cultural and Civic Institutions* realizado polo Northeast Document Conservation Center (NEDCC)⁸, ou a dispoñibilidade dunha planta de conxelación para materiais en papel afectado pola auga. Pero tamén debería valorarse a creación dunha organización de apoio, tipo Axencia ou Instituto do Patrimonio, que funcione a un tempo como infraestrutura de apoio e cooperación, e como organismo de investigación e transferencia de coñecemento.

Xunto ás accións referidas ás instalacións e emerxencias, con vistas á preservación a longo prazo as institucións da memoria deberían realizar unha copia de protección ou duplicación, un labor que debería estar liderado polas institucións nacionais da Cidade da Cultura con obxecto de evitar descoordinación e repetición de duplicacións. Os novos soportes e as novas tecnoloxías de tratamento do patrimonio presentan problemas de longo alcance dende o punto de vista da propiedade intelectual, que como é lóxico van sendo lentamente

⁸ <http://www.dplan.org/default.asp> [consulta 20/12/2009]

enfrentados pola lexislación. Neste sentido, as accións de conservación están plenamente garantidas pola lexislación española nas modificacións introducidas na Lei 23/2006 que sinala: “Los titulares de los derechos de autor no podrán oponerse a las reproducciones de las obras, cuando aquéllas se realicen sin finalidad lucrativa por los museos, bibliotecas, fonotecas, filmotecas, hemerotecas o archivos de titularidad pública o integradas en instituciones de carácter cultural o científico y la reproducción se realice exclusivamente para fines de investigación o conservación”.

Aínda que non todo o mundo participa da consideración de que a dixitalización do patrimonio contribúe á difusión dos bens e á súa conservación, en xeral admítese que protexe pezas danadas ou en perigo de exposición ós riscos asociados ó seu uso. A dixitalización é un proceso de creación de arquivos dixitais a partir da conversión de materiais analóxicos, pero antes de proceder á mesma é preciso asegurar que a peza ten as condicións de estabilidade para que se leve a cabo o proceso, o que en ocasións requirirá unha intervención previa. Polo tanto, a dixitalización non debe ser vista como unha alternativa á conservación dos bens patrimoniais, senón como procesos que en moitos casos deben abordarse de xeito simultáneo. Pero ademais, cando se trata de patrimonio bibliográfico e documental debe respectarse o carácter único da peza, ó marxe do número de exemplares ou copias de que poida dispoñerse, e polo tanto a dixitalización debe ser absolutamente respectuosa con ela abarcando a súa integridade.

A dixitalización do patrimonio é ademais esencial para o desenvolvemento das industrias de contidos electrónicos, ademais do desenvolvemento do turismo e a cohesión social, como teñen sinalado a Unión Europea e a Unesco. Neste sentido calquera proxecto relacionado coa dixitalización debería estar fortemente ligado ás políticas de I+D+i da Xunta de Galicia.

No proceso de dixitalización poden acadarse, ó pe dos obxectivos de conservación, importantes valores engadidos, dos que aquí nos limitaremos a sinalar tres:

- a) A recuperación virtual de bens patrimoniais galegos e que na actualidade se atopan fora de Galicia. Sirvan como exemplos os Cancioneiros medievais de Ajuda, Vaticana e Colocci-Brancuti ou a documentación galega enviada ó Arquivo Histórico Nacional ou á Academia de Belas Artes de San Fernando despois da desamortización. Esta liña entraría dentro do desenvolvemento do art. 1.4 e do art. 6 da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.
- b) A socialización de bens patrimoniais galegos que permanecen en mans privadas e cuxa consulta e difusión é limitada.

- c) A denominada reunificación virtual, do que é boa mostra o traballo realizado pola British Library co Codex Sinaiticus⁹, pero mais humildemente aplicable por exemplo á dixitalización de prensa ou revistas hoxe espalladas en distintos centros. Lamentablemente esta reunificación virtual non foi tida en conta nos proxectos levados a cabo ata agora polo Centro Superior Bibliográfico.

Os traballos de dixitalización deberían ser abordados, ó igual que xa sinalamos para as accións de preservación e conservación, coa participación das distintas Administracións, debendo xogar un papel importante as institucións de ámbito local, que en ocasións posúen pezas únicas do patrimonio bibliográfico, documental, etnográfico, etc.. Para levar adiante programas deste tipo é fundamental que se convoquen axudas que cofinancien a preparación das pezas, e os procesos asociados á dixitalización, almacenamento, descrición e posta en servizo das mesmas.

Patrimonio dixital

Xunto ó conxunto de bens patrimoniais dixitalizados a partir de material analóxico xa existente, cada vez máis boa parte da información, o coñecemento ou a expresión son hoxe creados en soporte dixital. Este cambio tecnolóxico ten un forte impacto sobre as institucións da memoria, tanto nas bibliotecas (bases de datos e revistas electrónicas), como nos arquivos (administración electrónica) e os museos (arte na rede, museos e exposicións virtuais). Esta implicación dos tres tipos de institucións levou ó International Internet Preservation Consortium¹⁰, formado en 2003 polos primeiros participantes no arquivo da web, a abrir o consorcio a arquivos, bibliotecas, museos e outras institucións, e ademais a poñer libremente a disposición da comunidade un conxunto de software libre desenvolvido polos centros participantes co finalidade de construír, preservar e facer accesible o arquivo da web.

Desde finais dos anos 90 (por ex. o proxecto PANDORA australiano) fixéronse esforzos en distintos países por arquivar de xeito permanente as creacións dixitais, producíndose posteriormente diversos documentos e plans de acción de carácter internacional. A resolución 2002/C 162/02 do Consello europeo de 25 de xuño de 2002 sobre *Conservar a memoria de mañá - Conservar os contidos dixitais para as xeracións futuras* ou o plan eEurope foron mostra da conciencia da UE sobre a problemática posta en marcha polos recursos dixitais. Pola

⁹ <http://www.codexsinaiticus.org/en/> [consulta 10/12/09]

¹⁰ <http://www.netpreserve.org/about/index.php>

súa parte, a Unesco elaborou un *Proxecto de Carta para a Preservación do Patrimonio dixital*, que será adoptada en 2003, xunto cunhas *Directrices para a Preservación do Patrimonio dixital*, realizadas pola Biblioteca Nacional de Australia. Na primeira recoñece o carácter de herdanza cultural dos novos recursos dixitais, mentres na segunda entende por “preservación” a conservación de información ou calquera outro tipo de patrimonio existente en forma dixital.

Na *Carta* (Unesco, División da Sociedade da Información, 2003), a Unesco alerta do perigo da perda deste patrimonio, e para evitalo urxe a tomar unha serie de medidas, como elaborar estratexias e políticas para a súa preservación, determinar os elementos que deben conservarse, protexer este patrimonio a través da lexislación e promover a diversidade cultural. Pola súa parte, as *Directrices* sinalan que o patrimonio dixital está formado unicamente por aqueles obxectos dixitais que se considera que posúen un valor permanente e reitera a urxencia de tomar decisións respecto á súa preservación “De ser necesario, es preferible actuar, aunque no sea de manera exhaustiva ni impecable, a no hacer nada” (National Library of Australia, 2003, p. 23). Con obxecto de definir con exactitude os obxectos dixitais que constitúen este patrimonio, e ter en conta a inxente tarefa que presenta, as *Directrices* relacionan os seguintes recursos¹¹:

1. Publicacións electrónicas, distribuídas en liña ou en soportes portátiles (monografías, fascículos, sitios web, revistas electrónicas)
2. Documentos semipublicados (teses e artigos en soporte electrónico, arquivos de uso restrinxido en universidades, sociedades académicas, etc.)
3. Rexistros de actividades, transaccións, correspondencia, etc. tanto persoais como de organismos, incluíndo mensaxes de grupos de discusión, correo electrónico, anuncios electrónicos, blogs, etc.
4. Conxuntos de datos recolectados para análises científicos
5. Materiais educativos empregados por sistemas de e-ensino.
6. Ferramentas informáticas (bases de datos, programas informáticos, etc.)
7. Documentos inéditos únicos (narracións orais, informes de investigación...)
8. “Manuscritos” electrónicos (borradores de escritos, correspondencia persoal)
9. Produtos de entretemento, de carácter comercial ou non (xogos, música, radio, TV, etc.)
10. Obras gráficas e fotografías documentais realizadas por medios dixitais

¹¹Unha clasificación das distintas modalidades de patrimonio dixital bibliográfico pode verse en Garcia Melero, Luis Ángel, 2005, pp. 8-10.

11. Copias de imaxes, sons, textos e obxectos tridimensionais efectuadas a partir de orixinais non dixitais.

De todos estes recursos, a Unesco na *Carta* citada recoñece a prioridade absoluta dos recursos de orixe dixital, xa que aqueles procedentes da dixitalización terán, ó menos, un orixinal analóxico.

O conxunto de obxectos dixitais relacionado na lista anterior, dos que algúns se incrementarán exponencialmente a medida que se desenvolva a administración electrónica, presenta importantes problemas cara a preservación debido ás súas características: forte inestabilidade dos soportes, os medios de acceso son reempazados en pouco tempo, ás veces están protexidos por barreiras de acceso, algúns dos seus contidos son modificados con frecuencia, ás veces existe unha soa copia, etc. Como sinalan as propias Directrices da Unesco, o maior destes problemas é sen dúbida a desaparición dos medios de acceso (equipos e programas informáticos), o que nos sitúa nun panorama moi distinto ó que caracteriza a preservación de obxectos non dixitais, sempre intentando preservar o obxecto material. Pero esta ameaza debe ser vista como un reto no que as autoridades responsables da conservación do patrimonio se impliquen no desenvolvemento de I+D+i nas Universidades e nas empresas tecnolóxicas, algunhas das cales teñen significativa importancia na economía galega. Neste sentido, gustaríanos destacar de novo a importancia de que os plans que gardan relación co Patrimonio, tanto de preservación, como de organización e acceso, estean presentes nas políticas levadas adiante pola Consellería de Economía e Industria.

Pero ademais a *Carta* da Unesco advirte das barreiras de tipo legal que a preservación do patrimonio dixital debe ter en conta, especialmente as referidas á Propiedade intelectual. No caso español, como xa sinalamos a copia con fins de conservación está permitida pola lexislación ás institucións da memoria, aínda que é dubidoso que esta excepción poda aplicarse no caso que agora nos ocupa, xa que a copia neste caso sería para construír a propia colección, e só despois, conservalo. Pero ás barreiras relacionadas coa Propiedade intelectual, habería que engadir outras relativas ó Depósito legal, á Protección de Datos persoais, dereito á propia imaxe, etc. (Beunen, Annemarie, Schiphof, Tjeerd, 2006).

A existencia dunha lexislación para o Depósito Legal que contemple os recursos dixitais, resolvendo así os problemas presentados pola copia destes recursos, non é xeneralizada en todos os países. Francia, Alemania, Dinamarca, Noruega, Canadá, etc. si inclúen os recursos dixitais na súa normativa. Pero aínda países que non lexislaron ó respecto, están facendo esforzos para construír repositorios destes recursos, como é o caso da British Library ou

Koninklijke Bibliotheek en Holanda que buscan as autorizacións dos posuidores dos dereitos para proceder ó arquivo. No caso español so Catalunya ten posto en marcha o seu proxecto de arquivo dixital, e as súas institucións bibliotecarias reclaman a redacción dunha lei sobre Depósito Legal que inclúa os recursos web (Serra Aranda, Eugènia , 2006). Pero a súa inexistencia non lles ten impedido, como nos casos inglés e holandés xa sinalados, o desenvolvemento de PADICAT (Patrimonio Dixital de Catalunya)¹²

Máis problemático é o acceso a esta información en recursos que non sexan de dominio público ou baixo determinadas licencias Creative Commons, aínda que a lexislación española permitiría a súa consulta baixo determinadas condicións (un edificio determinado, con fins de investigación), de acordo á Lei 23/2006: “No necesitará autorización del autor la comunicación de obras o su puesta a disposición de personas concretas del público a efectos de investigación cuando se realice mediante red cerrada e interna a través de terminales especializados instalados a tal efecto en los locales de los establecimientos citados en el anterior apartado y siempre que tales obras figuren en las colecciones del propio establecimiento y no sean objeto de condiciones de adquisición o de licencia. Todo ello sin perjuicio del derecho del autor a percibir una remuneración equitativa”.

Un segundo conxunto de problemas garda relación coa selección dos recursos que deben ser conservados, en palabras das Directrices da Unesco xa citadas “...los principales criterios para determinar los elementos digitales dignos de conservación sean su significado y valor duraderos en términos culturales, científicos, testimoniales o de otra índole”. Os proxectos de arquivo da web, hoxe presentes en moitos países, están a ser realizados con diversos modelos, que van dende a recompilación exhaustiva partindo de distintos criterios (dominio, ubicación do servidor, lingüísticos, etc., como o caso de Suecia), a modelos selectivos (en función de criterios xeográficos, temáticos, etc.), tal como fai o sistema holandés, ou a sistemas híbridos, como é o caso de Catalunya no seu proxecto PADICAT.

En Galicia non se ten abordado ata o momento o arquivo dixital, e facelo unha vez máis debería estar en mans das institucións da Cidade da Cultura, do mesmo xeito que a súa Biblioteca debería posuír as coleccións de Depósito Legal creadas a partir do nacemento da Autonomía. Iso non quita a necesidade de participación doutras institucións do país, como por outra parte xa se fai no medio analóxico co Depósito legal. Tal colaboración debería estenderse a creadores e editores de recursos dixitais, tendo en conta que o arquivo dixital beneficia tamén os seus intereses, aínda os comerciais, suficientemente respaldados pola lexislación española xa comentada respecto ás limitacións impostas á consulta. Tal ocorre co

¹² <http://www.padicat.cat/>

depósito voluntario en países como Gran Bretaña (Byford, John, 2002) ou Canadá (Bibliothèque Nationale de Canadá, 2001)

Difusión

Se queremos traballar potenciando a transversalidade das institucións, teremos que buscar e adoptar certas normas que permitan a explotación común dos contidos. Sen dúbida é neste terreo onde as institucións deberán facer maiores esforzos, tendo en conta as diferentes prácticas seguidas ata agora por bibliotecas, arquivos e museos. Neste traballo de normalización pode ser fundamental o papel das novas institucións nacionais da Cidade da Cultura e o liderazgo dunha Axencia ou Instituto do Patrimonio, adoptando:

-Pautas de dixitalización

-Normas de descrición de recursos (metadatos descritivos, metadatos para a preservación, etc.)

-Establecemento de vocabularios controlados, thesauri, listas de nomes xeográficos, etc.

-Pautas en relación á propiedade intelectual, tanto dos contidos dixitalizados como dos metadatos creados.

Para a explotación dos recursos contamos dende hai tempo con ferramentas que permiten construír grupos de recursos ou catálogos colectivos virtuais, tales como o “harvesting”, “cross-searching” ou metabúsquedas.

As opcións desenvoltas ata hai pouco polo Ministerio de Cultura a través do Catálogo Colectivo do Patrimonio bibliográfico, con 25 anos de desenvolvemento, do que existen subprodutos dispoñibles para o patrimonio galego, non resolven o acceso ós bens dixitalizados. Máis interese cara á difusión do patrimonio presentan outras realizacións do Ministerio como DOMUS¹³, un catálogo dos museos estatais, ou Hispana, un agregador de contidos das bases de datos de recursos dixitais OAI, que ó tempo que permite a consulta de rexistros catalográficos, da acceso ós documentos dixitalizados. En Hispana participa tamén Galicia a través do que nese marco se denomina *Galiciana, Biblioteca Digital de Galicia*, na páxina do Centro Superior Bibliográfico de Galicia *Biblioteca Dixital de Galicia*. Pero estes proxectos son sempre sectoriais para un tipo determinado de institucións.

¹³ <http://www.mcu.es/museos/CE/Colecciones/Colecciones.html>

Dende logo hai experiencias interesantes en distintos países que resolven a un tempo a recuperación da información vía distintos catálogos, inventarios, etc., a recuperación de textos e/ou obxectos dixitais e a converxencia de institucións. Ademais dalgúns xa citados, por poñer aquí un só exemplo, podemos fixar a atención no Portal BAM (Bibliotheken, Archive or Museen)¹⁴ que permite a busca común, a partir de metadatos de catálogos e inventarios de fondos de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións alemás que posúen bens culturais. O modelo de BAM foi iniciado en 2001 e conta na actualidade con máis de 40 millóns de rexistros, ós que permite unha consulta simultánea, e tamén a aplicación de filtros por tipos de institucións ou por institucións concretas. Os resultados das buscas están enlazados coas interfaces orixinais, onde se consultan tamén os documentos dixitalizados. Non é o menor éxito de BAM ter asinado un acordo coa Wikipedia en lingua alemá que conectan a está con BAM cando existen no Portal os correspondentes puntos de acceso.

Galicia conta co Portal *Patrimonio cultural galego*¹⁵ da Dirección Xeral do Patrimonio, unha realización moi interesante dirixida á divulgación do patrimonio, con aplicacións cara á escola, o turismo, etc. Aínda así ten un claro predominio da información referida ó patrimonio construído, con escasa atención ós arquivos e patrimonio documental, e sen unha soa referencia ás bibliotecas e o patrimonio bibliográfico. Esta escasa transversalidade só cabe ser explicada pola distinta dependencia administrativa de bibliotecas, arquivos e museos, dependendo so os dous últimos tipos de institucións da Dirección Xeral de Patrimonio, responsable do Portal. Lamentablemente os seus contidos hai meses que foron deixados de actualizar.

Con todo e isto, o Portal podería ser o lugar axeitado para albergar outras aplicacións, ademais das docentes e divulgativas, que habería que mellorar, e debería potenciarse para que servira de acceso á recuperación conxunta de información e recursos dixitais no campo patrimonial das tres institucións da memoria, ás que se poderían xuntar outras fontes de recursos informativos.

En relación ós contidos, xunto a outras aplicacións tecnolóxicas nas propias instalacións dos centros (menús interactivos, recreacións virtuais), a nosa proposta considera que o Portal no seu papel de hipermediador debería desenvolver algunhas funcións como as seguintes:

¹⁴ <http://www.bam-portal.de/>

¹⁵ <http://www.patrimonio.org/>

- a) Informativas: presentación das institucións da memoria, catálogo de bens culturais, acceso a bens dixitalizados, lexislación sobre patrimonio, información de carácter práctico (horarios, exposicións temporais, etc.) a traveso de móbil, PDA, RSS, etc.
- b) Divulgativas: exposicións virtuais, recreacións virtuais, visitas virtuais, itinerarios de patrimonio, xogos virtuais, etc.
- c) Educativas: exposicións virtuais, titoriais, propostas para emprego dos contidos do Portal nos distintos niveis do ensino, audioguías, signoguías, etc. Bos exemplos poden verse na páxina Educathysen¹⁶ do Museo Thyssen-Bornemisza , nas páxinas para docentes da Library of Congress¹⁷, ou nos Recursos didácticos do Arquivo de Arganda¹⁸.
- d) De sensibilización: xogos, concursos, descarga de salvapantallas, programas e campañas especialmente deseñadas ó respecto. Debería incluír tamén algunha acción con vistas a alentar as doazóns ou depósitos de patrimonio (arquivos persoais, coleccións de prensa local, etc.) nas institucións.

Naturalmente estas funcións non se desenvolven de forma illada, senón que haberá contidos que teñan simultaneamente, por exemplo, funcións divulgativas e de sensibilización.

O deseño do Portal debería tamén permitir:

- a) Acceso diferenciado respecto ós diferentes tipos de usuarios, que poderían categorizarse como:
 - a. Visitantes: acceso ó conxunto da información mediante busca en catálogo do conxunto dos bens culturais, acceso temático ós bens dixitalizados, exposicións virtuais, podcast audio e video, recreacións virtuais de conxuntos patrimoniais, itinerarios de patrimonio, etc.
 - b. Nenos e mozos: acceso a materiais que a través de xogos, cadernos de debuxo, recortables, vídeos, concursos, etc. dean a coñecer e sensibilicen a este público respecto ó patrimonio, exposicións virtuais, itinerarios de patrimonio, etc.
 - c. Docentes: propostas para o emprego de bens patrimoniais dixitalizados nas clases (webquests, etc).

¹⁶<http://www.educathysen.org/principales/recursos-educativos/secuencias-didacticas/> [consulta 15/11/2009]

¹⁷ <http://www.loc.gov/teachers/> [consulta 15/11/2009]

¹⁸ http://archivo.ayto-arganda.es/archivo/recursos_index.asp [consulta 15/11/2009]

- d. Conservadores (bibliotecarios, museólogos, arquivistas, ...): plans de xestión de desastres de institucións participantes, normas e pautas de dixitalización e metadatos para participar no proxecto, lexislación, titoriais de auto-formación, podcast audio e vídeo de congresos, conferencias, táboas redondas sobre temas patrimoniais, etc.
- b) Os contidos do Portal deberían abarcar tanto información preparatoria das visitas ás institucións da memoria (audioguías, signoguías, etc.), pois é evidente que non intenta substituír a visita presencial ós centros, como información para visitas ou actividades virtuais de internautas.
- c) Permitir a creación de espazos persoais, ás veces chamados andeis virtuais, onde o usuario poda crear a súa colección persoal ou acceder facilmente ás páxinas do Portal.
- d) Facer un uso creativo das ferramentas da web 2.0 para permitir a interacción dos usuarios/as (podcast¹⁹, RSS, redes sociais, blogs) e a creación de contidos (publicación de fotografías, vídeos, debuxos...)
- e) Situar-se como un Portal de prestixio no campo, responsable socialmente, e unha fonte segura de información:
 - a. Garantindo a actualización das páxinas, revisando os enlaces, indicando a data de actualización da páxina, anunciando postas ó día do contido, etc.
 - b. Proporcionando información sobre o proxecto, obxectivos, etc.
 - c. Informando claramente sobre todas as institucións participantes, patrocinadores, etc.
 - d. Respectando e informando sobre a lexislación de propiedade intelectual e empregando sistemas de distribución Copyleft para materiais propios.
 - e. Empregando Software libre, o que posibilitará e mellorará a existencia de empresas de desenvolvemento a nivel local.
 - f. Informando sobre o tratamento dos datos persoais (política de privacidade)
 - g. Recomendando formas de cita dos recursos

Naturalmente o Portal non debería interferir co desenvolvemento das páxinas webs das institucións participantes, senón potencialas, tendo en conta que nin unha nin outras deben buscar substituír a visita ós centros. Neste sentido, hai que destacar que as accións de difusión patrimoniais foron considerablemente máis intensas nos últimos anos nos museos e arquivos que nas bibliotecas, menos implicadas na difusión patrimonial, a non ser con carácter

¹⁹ Sobre o uso de podcast en Museos pode verse MediaMusea, 2007.

instrumental de apoio á docencia e a investigación universitaria. Neste aspecto móstrase tamén importante a existencia dunha Axencia de Patrimonio que active a dinamización dos bens culturais e implique máis ás bibliotecas nestes proxectos.

Camiñar cara a converxencia

Levar adiante unha política de converxencia das institucións da memoria, que desenvolva e priorice estas ou outras liñas referidas ó patrimonio museográfico, documental e bibliográfico, ten que afrontar con eficacia a situación de dispersión dos bens en pequenas institucións ó longo do territorio, dependentes de distintas Administracións con competencias na materia ou persoas físicas ou xurídicas, e das que non sempre o obxectivo prioritario é a colección patrimonial, e na mesma medida a súa implicación na conservación e difusión é máis ou menos central á súa acción. A esta situación xa complexa de por si, aínda habería que engadir a carencia de persoal estable, ás veces de calquera persoal, nos centros, o que non garante nin traballos puntuais de organización nin a conservación e acceso ó patrimonio (López Gómez, Pedro, 2007, p. 41). Tampouco a nosa Comunidade se caracteriza pola existencia de servizos de apoio á conservación patrimonial, aínda que ás veces estean contemplados na lexislación relativa ás institucións aquí tratadas.

Con vistas a asumir as responsabilidades esixidas pola lexislación do patrimonio (conservación, difusión, acceso público, investigación) dende a perspectiva converxente de que vimos falando, parécenos oportuno a existencia dunha Axencia ou Instituto do Patrimonio moble que faga posible normalizar o tratamento técnico ó nivel mínimo para converxer, realizar e priorizar os plans a desenvolver en materia patrimonial, investigar sobre patrimonio, os seus públicos e a súa contribución ó desenvolvemento. Debería ser responsable do Portal de Patrimonio e podería tamén ser o lugar de residencia dalgúns dos servizos de apoio. O seu ámbito de acción non debería limitarse ó patrimonio das Administracións, senón ó conxunto dos bens patrimoniais. Algunhas das súas funcións poderían ser:

- deseño e coordinación dos plans converxentes cara a posta en servizo e dinamización do patrimonio das institucións da memoria.
- análise e diagnose respecto ó patrimonio moble galego.
- elaboración de pautas, normas e selección de boas prácticas para a conservación e xestión patrimonial.
- investigación sobre patrimonio moble e a súa xestión.
- formación de persoal.

- documentación en materia de patrimonio.²⁰
- albergar un servizo nacional de conservación e restauración.
- fomentar a cooperación con todos os sectores cuxas actividades podan confluír na conservación e posta en servizo dos bens patrimoniais.

A modo de balance de propostas

Sintetizando algunhas das ideas sinaladas con anterioridade, podemos dicir que para nos hai fundamentalmente 5 grandes liñas de reflexión cara a abordar as dificultades e carencias ás que teñen que enfrontarse na actualidade as institución da memoria galegas:

1. Revisar a lexislación cara a unha definición máis exhaustiva do patrimonio das institucións da memoria, cara a alentar un traballo converxente das actuacións no campo patrimonial das institucións da memoria, e cara a impulsar a atención debida ó patrimonio dixital.
2. Realizar un mapa das institucións da memoria e do patrimonio museográfico, documental e bibliográfico.
3. Impulsar políticas transversais que conxuguen os intereses das institucións da memoria cos plans de desenvolvemento tecnolóxico, educativo, industrias de contidos, turismo, etc.
4. Crear un marco normativo e infraestruturas de apoio para que as institucións depositarias do patrimonio, maioritariamente de pequenas dimensións, podan conservar, tratar e difundir o seu patrimonio, contribuíndo tamén así ó desenvolvemento local.
5. Potenciar o portal de Patrimonio actualmente existente para que sexa quen de dar soporte ás actividades culturais, educativas, lúdicas, de investigación, turísticas, etc., que esixe hoxe en día o tratamento do Patrimonio.

Bibliografía

Arias Vilas, Felipe, Fariña Busto, Francisco: “La legislación sobre el patrimonio histórico de

²⁰ No Decreto 307/1989 de regulamento do sistema de Arquivos e Patrimonio Documental de Galicia contéplase a existencia, entre outros, dun Centro de Información de Arquivos de Galicia, que podería cumprir estas función para o sistema arquivístico, pero, pese ós anos transcurridos, nunca foi creado.

Galicia como Comunidad Autónoma y su evolución”, *Complutum Extra*, 6, 11 (1996), pp. 347-358.

Beunen, Annemarie, Schiphof, Tjeerd: *Legal aspects de web archiving from a Dutch perspective*. Report commissioned by the National Library in The Hague. Leiden, University, Centre for Law in the Information Society, 2006.

Bibliothèque Nationale de Canada: *L'édition électronique: Guide des pratiques exemplaires a l'intention des éditeurs canadiens*. Ottawa, BNC, 2001.

Byford, John: “Publishers and Legal Deposit Libraries Cooperation in the United Kingdom since 1610: effective or not?”, *IFLA journal*, Vol. 28, No. 5-6 (2002), pp. 292-297. Disponible en: <http://www.ifla.org/V/iflaj/art280506.pdf> [consulta 20/12/2009]

Consello de Europa. Comité de Cultura: *Lignes directrices du Conseil de l'Europe/Eblida sur la legislación et la politique regissant les bibliothèques en Europe*. [en liña]. 2000. Disponible en: http://www.coe.int/t/dg4/cultureheritage/Resources/Texts/DECS_CULT_POL_book%282028%291_FR.pdf [consulta 15/09/2009].

Dilevko, Juris, Gottlieb, Lisa: *The Evolution of Library and Museum Partnerships*. Westport, Conn., Libraries Unlimited, 2004.

García Melero, Luis Ángel: “La recopilación y conservación del patrimonio digital”, en Jornadas sobre Bibliotecas Nacionales. I. 2005. Valencia: *Las Bibliotecas Nacionales del siglo XXI*. Coordinación, Everilda Ferriols, Miguel C. Muñoz y Romà Seguí . Valencia, Biblioteca Valenciana, 2006, pp. 115-148. Disponible en: <http://bv.gva.es/documentos/Ponencias/Melero.pdf> [consulta 11/12/2009].

Hedstrom, Margaret, King, John Leslie: “On the LAM: Library, Archive, and Museum Collections in the creation and maintenance of knowledge communities”, en *Mapping Innovation: Six Depth Studies*. Organization for Economic Co-operation and Development, 2004. Disponible en: <http://www.oecd.org/dataoecd/59/63/32126054.pdf> [consulta 16/08/2009].

López Gómez, Pedro: “Arquivo Nacional de Galicia”, en *Cidade da Cultura: Biblioteca e Arquivo Nacional de Galicia*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2007.

MediaMusea: *Museos, patrimonio cultural y tecnología* [en liña]. 2007. Disponible en:

<http://mediamusea.com/2007/06/29/podcast-en-museos/> [consulta 10/12/2009]

National Library of Australia: *Directrices para la preservación del patrimonio digital. Unesco, División de la Sociedad de la Información*. [en liña] 2003. Disponible en: <http://unesdoc.unesco.org/images/0013/001300/130071s.pdf> [consulta 16/12/2009]

Serra Aranda, Eugènia: *Archivando la web catalana: iniciativas cooperativas de preservación digital en Catalunya*. [en liña] 2006. Disponible en http://www.bnc.es/bc/archivando_web_catalana.pdf [consulta 15/12/2009].

Vitiello, Giuseppe: “Politique et législation des bibliothèques (Seconde partie)”, *Bulletin des bibliothèques de France*, 45, 6 (2000), p. 4-14.

Unesco. División da Sociedade da Información: *Carta sobre la preservación del Patrimonio Digital*. [en liña] 2003. Disponible en: http://portal.unesco.org/es/ev.php_URL_ID=17721&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=220.html [consulta 16/12/2009].

Unesco: *Recomendación sobre la protección de Bienes culturales muebles*. 28 de noviembre de 1978. [en liña] Disponible en http://portal.unesco.org/es/ev.php_URL_ID=13137&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html [consulta 16/12/2009].

Waibel, Günter and Ricky Erway: “Think Global, Act Local – Library, Archive and Museum Collaboration”, *Museum Management and Curatorship*, 24, 4 (2009). Disponible en: <http://www.oclc.org/research/publications/library/2009/waibel-erway-mmcc.pdf> [consulta 18/12/2009].

Yarrow, Alexandra, Clubb, Barbara, Draper, Jennifer-Lynn: *Bibliotecas públicas, archivos y museos: tendencias de colaboración y cooperación*. A Haya, Oficina Central da IFLA, 2009.